


NÚMERO 27//FEBREIRO 2024

CHÍO

PRAZA DO CAMPO



REVISTA CULTURAL DIXITAL

Obra de José Manuel Peña Romay

PENDENTE DO FÍO


Todos e todas coñecen, sen dúbida, o conto ese da impresora que dí: "Nunca permitas que a túa impresora saiba que tes présa, as impresoras cheiran o medo". Pois ben, algo diso debeu pasar cando no primeiro número do ano, anunciababamos que tiñamos casa propia. Da virtual, pero propia.

Se cadra os fogares virtuais dan os mesmos problemas que os físicos. Nunca se sabe...esta vez tocounos a nós. E tivemos que agardar polas chaves para poder amosar a nova morada. Para abrir a porta en condicións e ter convidados.

Así que este proemio, o que vén sendo, máis ben, é a invitación formal para coñecer a nosa nova casa. Unha, na que o acceso non podía ter denominación máis fermosa:



CHÍO.com



PROEMIO

A obra de **Peña Romay** que abre este número, é unha escena constante. É un cadro que cada vez enfoca a un escenario lucense (ou non) diferente, pero todos ben recoñecidos e recoñecibles. Paramos a mirada sobre unha das súas pinturas e podemos imaxinar o frío que facía ese día ou con quen nos cruzaríamos neses soportais da portada.

Xustamente, **o escenario** é o fío temático (ao que aludiamos na edición anterior) que concatena o contido de febreiro.

Será, logo, un pequeno xogo para o lector/a, quen tirando dese febra, sexa quen de establecer os seus propios conectores.

Porén, non deixa de ser unha mera invitación para indagar e avanzar sobre un tema, coma quen tirando do fío, consegue descubrir algo insólito, inusitado. Se cadra, unha fantasía.

José Manuel Peña Romay

Pintor

De formación artística autodidacta, complementada con talleres de pintura, dibujo y técnicas de grabado; **José Manuel Peña Romay** nace en Lugo en 1952.

Ha sido galardonado con distintos premios, accésit y menciones de honor en diversos certámenes de pintura. Ha realizado ilustraciones para varios libros de poemas de distintos autores.

Su obra ha sido expuesta en multitud de exposiciones en distintas ciudades, formando parte de distintas colecciones públicas y privadas.

Acaba de ganar, por segunda vez, el *Certame de Arte do Belén de Begonte* con un óleo de la Praza Maior de Lugo.

“Pinto por necesidade vital, para deixar fluír do subconsciente formas, cores, paisaxes e figuras que se tornan reais no lenzo. Son pintor de cidades e a paisaxe urbana de Lugo é a máis inspiradora”.


COLABORACIÓN



SOBRAN AS VERBAS. A OBRA.



Praza do Campo, Óleo sobre tabla 100x100cm.



Rúa da Raiña. Óleo sobre tabla 55x50cm.



The end of the road. Óleo sobre tabla 55x46cm



Tinería, Óleo sobre tabla, 23x54cm.

O SAPOCONCHO LLÔ SAPO

ANTÓN CANDO

Cadraron unha noite na discoteca de Muimenta, un sapo e un sapoconcho

e, en canto o sapo tomou tres cubatas, empezou a meterse co sapoconcho: qu'eles non eran merecentes de chamarse sapos com'eles, porque eles brincaban alto e daban pinchacarneiras e, tamén corrían máis, -porque os saposconchos sodes mui lentísimos de deus, craro con ese coio que levades ó lombo!

-Cala sapo, cala, os sapoconchos, asegún castes, tamén duramos uns catrocentos anos! Mira, un amigo meu co trouxo Colón con oito aniños, cando foi aló ás Américas (non digo ca descubreu, porque xa a descubriran antes os qu'êlí estaban, o que pasa é qui non fixeron propaganda ningunha) e ese amigo coñecino eu, que morreu d'acidente, funlle aínda ó enterro no ano 1901 qui, por certo tivo muita xente; e eu teño agora, pra ser exauta, 218 anos, e estou coma unha mociña de cen!

-Cala sapaconcha! Dixo o sapo -nós os sapos somos mellores en todo; a que non me vés unha carreira!

-Vou sapo vou!

E acordaron en ir at'a raia ca Franza, gañaría quen primeiro písase tarreo francés.

Decidiron saír dende a Porta de San Pedro, da muralla de Lugo.

Deulles a saída a alcaldesa da cidade, Lara Méndez. E cubriron informativamente a carreira a TVG e, mailo xornal o Progreso.

O sapo saíu dando brincos de metro e meio de longo, e logo desapareceu da vista da concurrida audenza c'alí había. A sapoconcho corría o que podía, prô semellaba non cansare, ía segura e con bo xeito.

Baixando Pedrafita pró Bierzo, o sapo mancouse nunha pata, porque os brincos eran altos e, co desnível collía altura demais. Por León adiante o sapo ía coxeando aínda ben, e xa máis amodo que, longa e ancha é Castela.

Por Burgos adiante a sapoconcho pillou ó sapo, e foron a pré toda Áraba, toda Nafarroa-Navarra, qu'ésí falan as sinais do País Vasco e, mailas das terras coa mesma lingüística. Boeno, imos ó conto logo!

O caso é que, ó entrar nos Pirineos estaba todo con catro cuartas de neve, e aló abaixo víase xa terreo francés. O sapo bricaba e brincaba, mais co peso do salto, espetábase e, non saía do paso.

Entón a sapoconcho, púxose patas arriba co concho pra baixo, e como era costa abaixo, aquela cónchiga invertida escorríase por riba da neve coma se fose un esquí, tanto foi así qu'entrou primeira con moita diferenza na ráia francesa.

Daquela "El Progreso de Lugo," atitulou a fazaña do seguinte xeito:

"UNA TORTUGA HEMBRA GANA LA PRIMERA CARRERA LUGO-FRANCIA A UN SAPO MACHO."

E de momento xa non hai máis conto que, xa vai moi longo, se cadra mañá seguirá!



Díren te

Ana Isabel Rodríguez Vázquez

Decana Fac. Ciencias da Comunicación (USC)



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Seguro que o apropiado sería propoñer unha das que se coñecen como preguntas poderosas ou intelixentes. Pero decántome por unha pregunta moi sinxela que para min plantexada con moita sinceridade, agarimo, e mirando aos ollos da persoa, pode ter un importante significado: “como estás?”

E cal sería a resposta?

Gustaríame respostar: “ben, con saúde, amizades, traballo e tempo”. Lamentablemente, isto último escasea na actualidade, pero confío en recuperalo pronto.

Unha película?

Como filla de Carlos, que logo da Semana de Cine de Lugo impulsou tamén o primeiro videoclube da cidade, tiven o privilexio de poder estar en contacto co cine desde nena.

Por iso, cóstame moito decidir un só título. Pero voume decantar por “Todos los hombres del presidente”. Teño que recoñecer que a vin infinidade de veces.

Un actor?

Rob Lowe

Unha actriz?

Barbra Streisand

Unha canción?

Memory, tamén de Barbra Streisand

Un libro?

Neste caso a elección tamén é ben difícil. Se antes aludía ao privilexio de ter sido filla de Carlos, no que implicou disfrutar do cine desde que teño uso de razón, no caso dos libros teño que lembrar a importancia de miña nai, M^a José (Pepita), cando me puxo na man dous libros que sempre lembrarei:

“Nanas de la cebolla”, de Miguel Hernández, e os anuarios “Sonobox”, que é unha colección de publicacións que recollían as efemérides do mundo e de España en distintos volumes organizados por décadas, e se consideraba nos anos 80 “a primeira enciclopedia falada”.

Máis adiante, entre os libros que eu xa puiden elixir, custa moito decidir. Pero decantareime tamén por un que deixou unha fonda pegada en min sendo adolescente:

“Paula”, de Isabel Allende. Pero tamén tiven o privilexio de asistir a un colexio onde, nos anos 70 e primeiros 80, aínda na ditadura e antes do recoñecemento do Estatuto de Autonomía, nos achegaron ben á cultura galega. Neste contexto, destaco o meu descubrimento de “Arredor de si”, de Ramón Otero Pedrayo.

E xa no plano xornalístico, seleccionaría os libros dos grandes do Novo Xornalismo (Kapote, Wolf...) pola vixencia que volven ter no contexto actual, como tamén algunhas entrevistas de Oriana Falaci.

Un autor?

Os/as anteriores

Un articulista?

Francisco Umbral

Un político?

Castelao e Clara Campoamor

Un tempo?

O Romanticismo, polo que implica de valoración do diferente fronte ao común, da orixinalidade e a creatividade, o que me parece importante reivindicar nestes tempos de tanta IA.

Un taco?

Nunca me saen.

Que lle molesta?

A deslealdade.

Alguén ou algo despreziable?

A inxustiza.

CHÍO MARIÑÁN: MAR POR MEDIO

ANTONIO GREGORIO MONTES

Unha das cousas que mellor define á Mariña non está dentro de si de xeito físico, senón alén da súa fronteira: o mar. Falamos de que imos de Ribadeo a Viveiro, e estamos a presupoñer que imos por terra, polo territorio. O mar, na xeografía sobre o mapa, está aí, á beira.



Mais os mapas, tan representativos e útiles ás veces, outras non permiten capturar o importante, ou ó menos o que pretendemos salientar. Así, no espírito, no inmaterial, o mar está dentro, no interior do que poderíamos chamar 'alma mariñá'. A súa chaira inmensa comunica Ribadeo con Inglaterra, 'Mar por medio', como enuncia o título das xornadas culturais nadas na vila de Ribadeo, antigo porto ó abeiro da idea dunha comunicación particular de Galicia co alén (en singular, a través do mar).

Pero o mar tamén alisa o camiño: para decatarse non é necesario máis que ver a costa entre Ribadeo e San Cibrao, incluída Burela ou Foz, Fazouro, ou calquera deses lugares límite coñecidos como praias, rochedos ou cantís.


De tal xeito é así que mercede a unha especie de mar interior contemplado na nosa mente, aínda que os quilómetros de costa entre Tapia e o Barqueiro son recorridos en máis tempo de viaxe que os equivalentes en distancia a Lugo, sono en menos tempo psicolóxico, están moito máis achegados na psique e sociedade na que estamos inmersos. En moita menor distancia mental mercede a ese mar, en certo xeito lago interior no noso interior, que é o Cantábrico. De feito, en tempos, a comunicación por mar facilitaba a relación entre os portos mariñáns, Ribadeo, Foz, Burela, San Cibrao, Viveiro, O Vicedo, cunha avantaxe sobre a terra, configurando así unha semellanza e unha ligazón que se estende no tempo ata hoxe.

Como alimento: Celeiro ou Burela quedan hoxe como importantes, pero ó fin, como restos modernos dunha actividade que durante séculos e de diferentes xeitos se estendeu ó logo de toda a beira mariñá, de Rinlo a Morás, pasando por San Cibrao.

Unha vibrante vida mariñeira que en pouco máis dunha xeración foise a pique, deixando restos culturais como testemuña, case como ferida no corpo social.



Pero non só é o mar unha idea como unión. Éo tamén como alimento ou profesión e procesión.



Como profesión, dura pero en certos momentos cobizada por outras xentes que manexaban rendementos pecuniarios moito menores. Profesión que, aínda baixando de número de profesionais, ten necesitado durante décadas de xente de fora para traer a riqueza do mar á costa de paso que aportaban a súa amalgama á riqueza cultural da área.

E procesión, tamén, si, no sentido de que 'a procesión vai pordentro' fronte a un mar sempre incógnito, ás veces proceloso e de novo, sempre, temible, ó tempo que, por igual, temido e querido.

Si, o mar debuxou a costa e non só nos rochedos, as praias, as rías. Tamén o fixo na xente que a habita.

Xente que, aínda non sendo mariñeira, hai pouco aínda distinguía os seus campos dos do interior pola ouca e as algas que aproveitaba do que rexeitaba o mar. E si, o mar marca tamén ó conxunto de 'mariñáns de interior' como unha transición entre o mar e as xentes, e a terra e as xentes máis aló dos cordais.

A TRISTEIRA SOEDADE PÉTREA



O monólito granítico terma do frío ferro no que, un día do mes de abril de 1990, uns homes e mulleres quixeron deixar pegada de respecto e admiración polo egrexio **Juan Montes**.

O taboleiro de xadrez, unha vez mais, trasladou de “casilla” a obra escultórica do noso músico; nesta ocasión aos xardíns da Praza Maior.

Pero ten que haber algún culpable de esquecerse e deixar en baleiro, xa non so o espazo que anteriormente ocupaba a figura de Montes, senón que baleiros quedan os sentimentos e mostra de gratitude amosado por uns veciños: os da “Peña Amigos de San Roque” que so lles quedou a nada cravada na rocha.



COMO AMAR O TEATRO?

LA CONDENADA NEUMANDA




COLABORACIÓN

Lembras cando nos colexios había un escenario e nel representabamos obras teatrais? Porque eu sí lembro facer “Os vellos non deben namorarse” e memorizar os textos; atender aos meus compañeiros “de reparto” para non lles pisar as súas intervencións e aprender a entrar na escena ao meu tempo; recordo buscar roupa vella para acomodar o vestiario aos personaxes da historia ou andar na casa á procura de certo “atrezzo” para completar a posta en escena. Se fixeramos unha enquisa, non electoral, gustaríame coñecer a porcentaxe de rapaces/as que fan a día de hoxe, teatro. Como imos amar algo que non coñecemos?*

Non deixo de pensar en toda a maxia que se está a perder nese camiño. No vocabulario descoñecido, nas tarimas baleiras, nos dramaturgos que xa case ninguén cita, ou nos panos de veludo recollidos nos extremos dos salóns. Poñerse nostálxica co teatro vai sendo algo sinxelo...

MARATÓN FOTOGRAFICO USC



EXPOSICIÓN

Desde o pasado 22 de xaneiro e ata o 26 de febreiro, poderase visitar na biblioteca pública de Lugo (Av. Ramón Ferreiro, 23) a exposición das imaxes seleccionadas correspondentes ao XXIX Maratón Fotográfico da USC, celebrado en outubro de 2023 .

Nel, os participantes, como en anteriores edicións, saen á rúa para tomar imaxes de temática libre, pero tamén na procura de outras que se axusten ao tema proposto pola organización.

É unha convocatoria aberta a toda a cidadanía amante da fotografía e que leva ás costas, case trinta edicións.



José Luis Bermúdez, acadou un dos premios ca obra titulada "Entre recunchos"



EXPOSICIÓN

Na edición deste ano o tema suxerido foi: "Caos" e baixo esa rúbrica, resultou gañadora a fotografía de **Esther López**: "Vivir no caos" e tamén levou premio **Rocío Losada Iglesias**, ca imaxe: "Olló".



Diferente

Lucía Pérez

Cantante



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

¿Cando eras nena, imaxinabas a túa vida así?

E cal sería a resposta?

Probablemente non me imaxinaría todos os revés que tén a vida pero sí me imaxinaba a miña vida rodeada de música, pois iso era o que me facía e me fai feliz. Síntome unha afortunada de poder converter o hobby daquela nena, na miña profesión que tantas alegrías me segue dando.

Unha película?

“La chica danesa” e cine galego “As Bestas” que a vin fai nada no avión de camiño a Caracas.

Un actor?

Luis Tosar

Unha actriz?

Ultimamente estou vendo moitas aparicións de Úrsula Corberó, e gústame!!!

Unha canción?

"Nothing else matters" de Metallica (pechamos os meus concertos con esta canción que tanto me gusta).

"Sete chorares" de Xabier Vizcaíno que me parece un tesouro na nosa lingua.

Un libro?

"Paula" de Isabel Allende//

"A Culpa" de María Solar

Un autor?

Chema Purón, un autor de grandes himnos repartidos por todo o mundo do que aprendin moito.

Un político?

Calquera que teña como prioridade os intereses públicos e o ben dos cidadáns, que parece que están en peligro de extinción.

Un tempo?

Agora, o presente. Vai para 13 anos que me acompaña un eslogan maravilloso de vida que é "Que me quiten lo bailao", así que disfruto do agora ao máximo sin pensar demasiado no mañá. Ademais encóntrome num momento da miña vida con certa madurez e con cero prexuízos e iso gústame e faime sentir ben.

Un taco?

Carallo, que é moi noso jjjj!

Que lle molesta?


A impuntualidade, o tempo para min é moi preciado.

Alguén ou algo despreziable?

Unha persoa que poda facerlle mal a outra polo súa condición sexual, por ser muller, pola súa nacionalidade, lingua, porque se cre superior... En definitiva, esas persoas que non respectan os dereitos humanos.



TIRANDO DO FÍO



E tiramos do fío...

Sendo **o escenario** o cordón que enlaza o contido deste **Chío 27**, permitímonos aclarar o * de "Como amar o teatro?", xa que logo durante o primeiro semestre do ano, todos os xoves, venres e domingo, hai función teatral no Gustavo Freire ([+ info aquí](#)) Ademais, dende [Hipócrita Teatro](#) (local en R/Doutor Gasalla, 18, baixo) neste mes ofrecen o día 10, "Alma de grilo" (teatro literario con música en directo) e una comedia titulada "Casting" o día 24.

E tiramos do fío... entendendo o escenario coma o lugar onde se representa unha obra teatral, pero sendo o sitio, tamén, no que nos desenvolvemos .

A escena que abre cara aos nosos ollos a Mariña, non debería pasar inadvertida, ou os múltiples escenarios que brindan á nosa imaxinación, as imaxes do maratón fotográfico, por exemplo.

Coma sempre, os **contidos** do **Chío** que responden a unha colaboración expresa, van asinados. No tocante ás **imaxes** da revista, especificamos que son cedidas polos seus autores/as ou pertencen a banco libre de imaxes .

Dende a [web de Chío](#), é posible descargar e ver este e máis os números anteriores da revista. Non o esquezan. Opción de balde que ben merece unha rolda de difusión.

Pecha o número 27 de Chío a obra "**Dende o estudio de Miguel Anxo Macía**" de **José Manuel Peña Romay**



Coordina e dirixe: **Melina López**
chiorevista@gmail.com